



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lingua e Variación no Espazo Galego-Portugués		Código	613G02042
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	x.m.sanchez.rei@udc.es	
Profesorado	Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	x.m.sanchez.rei@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Análise teórico-práctica dos principais factores que inciden na variación lingüística, ben como dos fenómenos dialectais más salientábeis do ámbito galego-portugués.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria		A1 A10 A15 A25 A26	B3 B5 B8
Ter capacidade para avaliar críticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións		A10	
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica		A15	
Coñecer a variación lingüística da lingua galega		A25	
Coñecer a variación lingüística da lingua portuguesa		A26	
Adquirir capacidade de autoformación.			B3
Apreciar a diversidade			B8
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade			B1 B2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A variación lingüística	1.1. Perspectivas sobre os tipos de variacionismo 1.2. Orixes e límites da variación 1.3. Lingua, dialecto, variedade
2. A dialectoloxía	2.1. Definición e orientacións 2.2. Cuestións de método 2.3. O caso da Galiza 2.4. Tipoloxía dos fenómenos de variación lingüística
3. Dialectoloxía, filoloxía e lingüística	3.1. Dialectoloxía e lingüística histórica 3.2. Dialectoloxía e onomástica 3.3. Dialectoloxía, estruturalismo e xenerativismo



4. Variación diatópica nos falares galegos	4.1. Introdución 4.2. Principais fenómenos de variación
5. Variación diatópica nos falares portugueses	5.2. Introdución 5.2. Principais fenómenos de variación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A25 A26 B2 B5	18	27	45
Obradoiro	A10 A15 B8	11.5	26	37.5
Traballos tutelados	A15 B1 B2 B3 B5 C7 C8	1	21	22
Proba mixta	A15 A25 A26 B5	1	6	7
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Sesión de traballo en que o profesor expón os principais contidos teóricos que garantan que o alumnado adquire unha base epistemolóxica adecuada sobre a fenomenoloxía da variación lingüística e os contidos teóricos fundamentais.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Contémplanse, entre outras, a realización de comentarios de textos, as prácticas a través de TIC ou estudos de casos.
Traballos tutelados	Cada estudiante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesor, escollido entre diversas propostas presentadas no inicio de curso sobre diferentes aspectos ou cuestións de variación lingüística.
Proba mixta	Na proba mixta, cada estudiante debe demostrar que ten asimilados os contidos a través dun exercicio que, entre outras posibilidades, combinará preguntas (longas e/ou breves) de carácter ensaístico con probas de comentario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	A atención personalizada nortéase cara á orientación dos traballos tutelados (tema, focaxe, bibliografía adecuada etc.) e á solución de dúbdidas e lacunas que o alumnado puiden presentar. A orientación será realizada de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Obradoiro	A10 A15 B8	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistrais: comentarios de texto, de mpas, discusión de casos, comentarios das lecturas etc. As lecturas obligatorias serán indicadas polo profesor no inicio do curso.	20
Proba mixta	A15 A25 A26 B5	Nesta proba, o alumnado deberá desenvolver temas e/ou preguntas relacionadas cos contidos vistos nas aulas, combinados con probas de tipo práctico.	50
Traballos tutelados	A15 B1 B2 B3 B5 C7 C8	Neste tipo de probas serán tidos en conta como valores da cualificación o correcto desenvolvemento do tema proposto, a clareza expositiva e argumentativa e a calidade lingüística. O traballo tutelado deberá ser exposto oralmente na data marcada para iso e a dita exposición poderá ser tida en conta para a avaliación.	30



Observacións avaliación

Observacións previas:

Se necesario, a docencia da materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precisar de medidas encamiñadas a apoaren a diversidade, en harmonía coas indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es.cufie/ADI>) con que se deberá contactar nos prazos establecidos por este órgao. Tamén se terán en conta as indicacións da titoria ADI da Facultade de Filoloxía (pat.filoloxia@udc.gal).

Cuestións xerais:

1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.

2. O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado, os cales deberán cumplir unha exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión lexica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle).

3. O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán pórse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatíbel co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obteren a dispensa académica; apóas as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.

4. Na segunda oportunidade, en xullo, será tida en conta a mesma distribución: proba mixta (50), traballo tutelado (30), lecturas (20). Se houber convocatoria adiantada de decembro, os criterios de avaliación serán os mesmos que os de xullo.

5. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non realizar a proba mixta e/ou cando tiver entregado menos de 50% do número de actividades totais.

Aviso importante: Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, inclusive pola/o mesma/o estudiante. Se se producir algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e de mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Álvarez, R. et al. (eds.) (2005). Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega- Barbosa, P. (coord.) (2014-). Perfil Sociolinguístico da Fala Bracarense. Braga: Universidade do Minho- Beaud, S. et. al. (2007). Guia para a Pesquisa de Campo. Produzir e Analisar Dados Etnográficos. Petrópolis: Vozes- Britain, D. et. al. (eds.) (2003). Social Dialectology. In Honour of Peter Trudgill. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company- Chambers, P. et al. (1994). La dialectología . Barcelona: Visor- Cintra, L. F. Lindley (1995). Estudos de Dialectología Portuguesa . Lisboa: Sá da Costa- Gärtner, E. et al. (eds.) (2000). Estudos de Geolinguística do Português Americano. Frankfurt: TFM- Fernández Rei, F. et al. (1996-). A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega- Fernández Rei, F. (2003 [1990]). Dialectología da lingua galega . Vigo: Xerais- Francis, F. N. (1989 [1983]). Dialectology. An introduction . London: Longman- Freixo Mato, X. R. et al. (2005). A lingua literaria galega no século XIX. A Coruña: Universidade da Coruña- Martins, A. M. (coord.) (2010). Corpus Dialectal para o Estudo da Sintaxe (CORDIAL-SIN). Lisboa: Universidade de Lisboa- Mollica, M. C. et al. (2003). Introdução à Sociolinguística. O tratamento da Variação. São Paulo: Contexto- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1990-). Atlas Lingüístico Galego. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza- ILG [Instituto da Lingua Galega] (2016-). Arquivo do galego oral. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega- Sánchez Rei, X. M. (2011). Lingua galega e variación dialectal. Ames: Laiemento- Sánchez Rei, X. M. (202 [2021]). O portugués esquecido. O galego e os dialectos portugueses setentrionais. Santiago de Compostela: Laiemento- Vasconcellos, J. Leite de (1928). Opúsculos. Vol. II. Dialectología . Coimbra: Universidade de Coimbra- Vasconcellos, J. Leite de (1985). Opúsculos. Vol. VI. Dialectología . Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda- Vasconcellos, J. Leite de (1987 [1901]). Esquise d'une Dialectologie Portugaise . Lisboa: Instituto de Investigação Científica- ()..
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomienda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías